

CARTA DUNHA DESCONECIDA

[Max Ophüls, 1948]

274

ESTREA EN NUMAX: 16.08.2017 | V.O.S.E.

Letter from an Unknown Woman (1948, 86')

Dirección: Max Ophüls

Guión: Howard Koch (Relato: Stefan Zweig)

Elenco: Joan Fontaine, Louis Jourdan, Mady Christians, Marcel Journet, Art Smith, Carol Yorke

Son: Leslie I. Carey, Glenn E. Anderson

Montaxe: Ted J. Kent

Fotografía: Franz Planer

Dirección de arte: Alexander Golitzen

Vestiario: Travis Banton

Produtoras: Rampart Productions, Universal Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Seleccionada polo National Film Preservation Board en 1992

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Lola Montes, 1955

Madame de..., 1953

El placer, 1952

La ronda, 1950

Almas desnudas, 1949

La mujer de todos, 1934

Amoríos, 1933

SINOPSE

Viena, 1900. Stefan Brand, un famoso pianista, recibe unha carta dunha muller coa que mantivo, no pasado, unha relación amorosa que xa non lembra. Lisa é para el unha descoñecida, alguén que pasou pola súa vida sen deixar pegada. E, porén, ela segue apaixonadamente namorada daquel mozo músico que coñeceu cando era aínda unha adolescente.

«Un dos dramas máis intensos e apaixonados que deu a historia da sétima arte. Marabillosa historia de amores esquecidos.»

Fernando Morales, EL PAÍS



Entrevista con Max Ophüls

Por Jacques Rivette
& François Truffaut

Grazas a un escritor amigo meu, cuxo nome seguro que coñecen, Howard Koch, abríronseme as portas da oficina de Bill Dozier. Era o marido de Joan Fontaine e vicepresidente do estudio, así que discutín o proxecto con el. Antes de que o proxecto se puxese en marcha, tiñamos que nos gañar a aprobación do presidente da compañía, Bill Goetz. O presidente non é precisamente o vicepresidente. Ai, as xerarquías... Sei o difícil que resultaba arranxar unha cita con el, porén nos estudos había uns baños turcos e conseguín coincidir nun baño á mesma hora ca el. Espidos, baixo as duchas, faleille de *Carta dunha descoñecida*. Díxenlle que eu era o único director do mundo capaz de facer este filme. El dixo simplemente, e por que non? E así foi como ocorreu.

Deulle liberdade absoluta?

Absolutamente. Había por aquel entón un guión que xa circulaba, mais tiven a liberdade de reescribilo completamente, xunto a Howard Koch, para poder levalo polo meu propio camiño. Debido a que os xefes dos estudos eran moi desconfiados, organizaron unha preestrea. Coñece as preestreas? Os espectadores escriben

nunhas tarxetiñas, o que logo se supón que dará os resultados do que ocorrerá na estrea. Tiñamos moitas ganas de coñecer os resultados, así que agardamos á saída do cinema, baixo as luces de neón. Finalmente chegaron as primeiras tarxetas. Un de nosoutros leu unha en voz alta: «Gustoulle o filme? Non demasiado. Entendeu ben a historia? Non». O xefe dos estudos foi lanzando unha tarxeta detrás da outra. Con cada, Si ou Non, mirábame encantado ou decepcionado, aprobando ou desaprobando. Estas tarxetiñas soen ser moi aclaradoras, como verá: -Como encontrou a película?... Terrorífica. -O filme podíase entender ben?...Moi ben. -E o cásting?...Brillante. -A música?...Marabillosa. -Que cambios suxeriría no cásting?...É perfecto. -Que opina do argumento?... Marabillosa. -Podería identificar cos personaxes?... Completamente. -Recomendaría esta película aos seus amigos?...Sen ningunha dúbida. -Sexo?...Home -Idade?... 9 años.

Foi unha produción bastante afortunada e tiven probas diso recentemente. Hai nunhas cantas noites, Bill Dozier, que non volvera a Europa desde había anos, veu a París e telefonoume. Como a maioría dos americanos cando están de viaxe, estaba na cama, vítima da boa comida e iso que aínda non comera fóra do hotel. Contoume que a película estaba a ter unha segunda carreira en televisión. A súa carreira despois da súa estrea fora máis ben insignificante: sentín moito que os produtores, que se converteron en verdadeiros amigos, non puideran recuperar o seu diñeiro. Pero o seu

recibimento en Europa fora moi bo e agora é unha das películas máis populares na televisión americana. É un fenómeno moi interesante: moitos filmes intimistas fracasan cando son estreados no cinema, pero funcionan moi ben en televisión.

É exactamente o mesmo que sucedeu aos filmes americanos de Jean Renoir, *El hombre del sur* (1945) e *Diario de una camarera* (1946). *Diario de una camarera* é un filme estupendo. Marabillosa.

E tamén está a funcionar moi ben en televisión. A xente que vai ao cinema quizais entra aínda pensando no coche que tardou en aparcar dando se cadra dez voltas arredor do cinema. Ou levan ao cinema os problemas da oficina, ou seguen ocupados coa actividade das rúas antes do filme. Pode acontecer que non estean o suficientemente relaxados cando se sentan na butaca a ver un filme que lles esixe a maior das concentracións. Mentres que na túa casa, no teu sillón, logo dunha cea, coas luces apagadas, podes conseguir esta concentración e conseguir envolverte no filme. Isto podería demostrarnos o significativa que pode chegar a converterse a televisión.

Publicado en Cahiers du Cinema nº 72,
xuño de 1957.
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Carta de una desconocida, Max Ophüls.

Divisa [DVD]

Carta de una desconocida, Stefan Zweig.

Acantilado, 2002

Las películas de mi vida, François Truffaut.

Cuenco de plata, 2015

Lola Montes, Max Ophüls. Vértice [BluRay]

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX